

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ORDE do 9 de setembro de 2022 pola que se modifica a Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MT809D).

O día 20 de xaneiro de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2022.

No seu artigo 1 dispónse que a orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas titulares de explotacións agrícolas e/ou gandeiras afectadas polos ataques de especies de fauna silvestre (lobo, xabaril e oso), coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección, para o que se incentivará a adquisición de elementos preventivos dos danos que poidan ocasionar estas especies, e convocalas para o ano 2022.

O artigo 22 establece que o pagamento da cantidade adxudicada a cada persoa física ou xurídica queda condicionado á xustificación dos gastos obxecto de subvención e que o prazo máximo inicial para presentar a xustificación dos gastos rematará o día 14 de outubro de 2022.

O elevado número de solicitudes presentadas dificulta o cumprimento polas persoas beneficiarias dos prazos establecidos na orde para a execución e xustificación dos gastos relativos a estas axudas, tendo en conta que comprende tres liñas: unha para a prevención dos danos ocasionados polo lobo (con dúas subliñas, unha delas para a adquisición e instalación de valados fixos), outra liña para a prevención dos danos ocasionados polo xabaril e unha terceira para a prevención dos danos ocasionados polo oso.

Na tramitación dos expedientes tivéronse que outorgar prazos para emenda tanto de documentación como de erros e, ademais, no caso da subliña para a adquisición e instalación de valados fixos foi necesaria a realización de inspeccións previas en campo para efectuar as comprobacións oportunas de axuste ao solicitado.

Todo o anterior xerou unha demora na resolución da convocatoria e diminuíu o tempo efectivo de que dispoñen os beneficiarios para a execución e a xustificación correspondente dos gastos obxecto de subvención.

CVE-DOG: sgmm1zq0-tnm3-hjs8-zb82-mevdln9pzc9



Esta situación provoca a necesidade de establecer novos prazos de execución e xustificación destas.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que teño conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único

Modificación do punto 2 do artigo 22 da Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2022, que queda redactado nos seguintes termos:

«O prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos rematará o día 25 de novembro de 2022. Porén, poderase conceder, por petición xustificada da persoa física ou xurídica interesada realizada antes da finalización do prazo establecido sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros, unha ampliación do prazo de xustificación das axudas que non excederá a metade do prazo inicialmente previsto».

Disposición derradeira única

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2022

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

CVE-DOG: sgmm1zq0-tnm3-hjs8-zb82-mevdln9pzc99

